

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 10/09/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES
PRESIDENCIA
DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)
CONCELLEIROS
PARTIDO POPULAR (PP)
INSUA LAGO, Luis Manuel RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana TRABA FERNANDEZ, José Manuel SUAREZ SILVA, Jenifer CANOSA TRILLO, Manuel
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)
MARTINEZ TRABA, Francisco LESTON REDONDA, Francisco Antonio
PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)
MARCOTE SUAREZ, José DOMINGUEZ LADO, Alexandre
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, TERESA
SECRETARIO - INTERVENTOR
VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 9.00 horas, do día 10/09/2024, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A aprobación da acta da sesión anterior farase na seguinte sesión debido ao período vacacional dos traballadores do Concello.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO POS+AD2B-SOLICITUDE / 2024. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN ADICIONAL 2). ANUALIDADE 2024”.

Vista a segunda modificación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos,

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo,

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados de ser o caso, no POS + 2024 BASE	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase)

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Proxecto para a Reforma da Planta -3 da Casa Consistorial de Fisterra	73.269,44 €	13.700,28 €		13.700,28 €	86.969,72 €
TOTAL	73.269,44 €	13.700,28 €		13.700,28 €	86.969,72 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	

Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	73.269,44 €	13.700,28 €		13.700,28 €	86.969,72 €
TOTAL	73.269,44 €	13.700,28 €		13.700,28 €	86.969,72 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

INTERVENCIONS:

Sra. Alcaldesa.

-“ Este polo tanto é o único punto desta convocatoria : A obra de adecuación das instalacións da Policía Local e os seus usuarios/as na planta menos 3 resulta dunha necesidade acuciante”.

Sr. Luís Insua:

-“Nos cremos que é necesario para a Policía Local ter unhas instalacións dignas onde se poida falar de forma discreta con eles aínda que nos parece excesivo o orzamento, tamén é necesario un emprazamento para o Xulgado e que vai pasar coas persoas que van a ximnasia e co local das eleccións? Pero imos votar con responsabilidade e ímonos abster”.

Sra. Alcaldesa:

-“A Policía Local desempeña o seu labor nunha mesa onde están o resto dos funcionarios e o resto da xente que vén (o público en xeral).
As actividades deportivas vanse facer senón é aquí xa se mirará onde, temos tamén o

mercado cultural a punto, e alí poderase facer algunha actividade que eu creo que é primordial de todo darlle unhas instalacións apropiadas á Policía Local.”

Sr. José Marcote:

-"Nós votamos a favor do proxecto por unha razón moi sinxela, nós xa lle tiñamos encargado un proxecto non sei se moi parecido ao arquitecto. De todas formas botamos en falta algunha cousa este Plan consta de 2 partes:

-1ª FASE: Onde se poden poñer as obras que xa foron aprobadas aquí no Pleno e que remata o 18 de xullo.

-2ª FASE: Que é esta de obras, onde se poden poñer obras novas. Botouse en falta que ao pasar da 1ª fase á 2ª non se falara cos membros da oposición simplemente, a nós en principio non nos afecta nada porque na 2ª estamos tamén de acordo porque é unha opción que tamén nós valoramos. Está ben que estas cousas se consulten e se falen”.

Sra. Alcaldesa:

-"Con respecto a iso temos por primeira vez unha Comisión, non sei que poderíamos falar cando non tiñamos o proxecto rematado, unha vez que o tiñamos xa falei con vós , ata este momento era unha idea logo foi entregado aos grupos políticos e podíades dicir o que considerabas. Non só é a miña predisposición senón que teño que aportar unha documentación técnica que avale o proxecto que puideramos facer”.

Sr. José Marcote:

-"Non me contesta ao que lle pregunto, tiña que haber falado con nós antes do 18 de xullo aínda que estivéades de acordo, pasando dunha 1ª fase dun POS adicional e meterse nunha 2ª fase sen falar coa oposición penso que é un pouco temerario e poderíamos chegar aquí e non estar ningún de acordo co proxecto e perdíamos os 86.000 € e por encima a culpa ía ser da oposición”.

Sra. Alcaldesa:

-"Eu son a que non entendo, porque íamos perder os 86.000 €? Por dicir que non a esta obra dentro dos prazos, na Comisión houberades dito que non querías esta obra, que queríades outra”.

Sr. José Marcote:

-"Creo que podería explicarllo toda a mañá e non o entendería”

Sra. Alcaldesa:

-"Nós tiñamos que ter o proxecto para ensinalo na Comisión, eu podo chamarvos todas as semanas e reunímonos a falar sen documentación ningunha. Aquí todos somos conscientes de que hai un traballo detrás que teñen que facer os técnicos e que non o fan en 2 días.

A Comisión (dirixíndose a Manuel) ten que se informar previa ao Pleno. O sentido das Comisións é para falar e tratar, agora ben se non a queredes aproveitar”.

Sr. José Marcote:

-"Eu quero explicarlle a diferenza entre unha Comisión Informativa e unha negociación previa, non sei se aínda non o entendeu, se imos á Comisión Informativa e non estamos de acordo qué facemos se non hai marxe de manobra”.

Sra. Alcaldesa:

-“Ante a Comisión Informativa vós aparecedes alí pero antes tedes unha convocatoria e poderdes comunicar: - leva esto ou prepara esto outro. Alí estamos para falar todos, non só eu”.

Sr. José Marcote:

-“A Comisión Informativa é para facer un dictame sobre o que se vai levar ao Pleno simplemente. Non hai ningunha negociación previa, agora mesmo o portavoz do PP acaba de lle dicir que non está moi de acordo co reparto que hai no proxecto se eso se houbera falado antes sería mellor”

Sra. Alcaldesa:

-“Nos traballos preliminares ao arquitecto”.

Sr. José Marcote:

-“Pois si, antes do 18”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, antes de abril deste ano que foi cando o arquitecto comezou a facer o proxecto”.

Sr. José Marcote:

-“Pero vaino presentar agora ese proxecto desde o 18 de xullo, entón é igual a non telo. Nós non podemos falar co arquitecto, podemos facer unha sesión con el e que este expoña a súa idea”.

Sra. Alcaldesa

-“Se esa é a vosa idea, non tedes máis que pedila”..

Sr. José Marcote:

-“ Pero cando?”

Sra. Alcaldesa:

-“ Cando consideredes, a Comisión non podo facelas 3 meses antes do Pleno”

A continuación procédese á votación deste punto quedando como segue:

Votos a favor: 2 (Alternativa dos Veciños), 2 (PSOE), e 1 (BNG)

Abstencións: 5 (PP), 1 (Alternativa dos Veciños: Francisco Martínez Traba)

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 9. 15 horas, do que, como Secretario , dou fe.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677